

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe (Para inserir no «Diario Oficial de Galicia»)	

SUMARIO:

ORDE do DD de MMMM de 2024 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento ED481D e IN606C).

TEXTO

A finalidade desta convocatoria é posibilitar a continuación da formación das doutoras e doutores que comezaron a súa formación posdoutoral, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

Trátase de continuar a formación dos doutores e doutoras que obtiveron unha axuda para a súa formación inicial na convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do ano 2022. Así mesmo, preténdese a continuación da carreira investigadora do persoal investigador da convocatoria do ano 2021 e do 2019 que tivo unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei e que non participou en convocatorias anteriores desta axuda.

Esta convocatoria presenta como novidades, por unha banda o aumento da dotación orzamentaria para o financiamento dos contratos e, por outra banda, amplíase o número de horas de docencia.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan

de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden ser horizontais en relación aos retos e prioridades da RIS3. O obxectivo estratéxico 4 aposta polas persoas como activo principal para abordar as prioridades de especialización de Galicia, xerando, retendo e atraendo talento en igualdade. Esta convocatoria potenciará as traxectorias de investigación vinculadas aos retos e prioridades definidos na estratexia.

En consecuencia, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico desenvolver o talento das persoas (obxectivo estratéxico 4), capacitando ás persoas nos ámbitos de prioridade de futuro, integrándose polo tanto no programa Persoas.

De acordo coa Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos de avaliación e/ou selección do persoal investigador, nesta convocatoria introdúcese mecanismos correctores e obxectivos para evitar a discriminación e/ou penalización das mulleres, e tamén dos homes, en casos de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, parto ou lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo.

De acordo coa modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, inclúese unha axuda que permite cubrir o custo da indemnización por expiración do tempo convido do contrato laboral que asinen coas entidades beneficiarias as persoas seleccionadas ao abeiro desta convocatoria.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, para o que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobados polo Parlamento de Galicia.

Atendendo a estas consideracións xerais e en virtude das súas competencias, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional convoca as axudas para completar á etapa de formación posdoutoral para o ano 2025.

En consecuencia, e no uso das atribucións conferidas,

ACORDO:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

1. Esta orde establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para completar a etapa de formación posdoutoral e procede á súa convocatoria (códigos de procedemento ED481D e IN606C).

2. O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para completar a etapa de formación posdoutoral.

3. A finalidade é darlle continuidade á súa carreira investigadora, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria a través dun contrato de tres anos de duración e unha axuda complementaria para o establecemento da liña de investigación.

Artigo 2. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as universidades públicas do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur), e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións

Científicas) radicados en Galicia sempre que contraten as persoas seleccionadas a través dun contrato laboral de duración determinada con dedicación a tempo completo, de acordo co marco legislativo actual, en virtude do cal a persoa seleccionada quedará vinculada á dita entidade.

2. Poderán acceder a estas axudas os organismos e entidades sinaladas no parágrafo anterior que presenten como candidatas persoas co grao de doutoramento que se atopen na data de peche da convocatoria nalgún dos seguintes supostos:

a) Que estivesen contratadas na convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral de 2022 e que non renunciaran ao contrato.

b) Que estiveran contratadas a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2019 e 2021, que tiveron unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei e que non se presentaron á convocatoria de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral en convocatorias anteriores.

3. As persoas investigadoras que tiveron ou teñan unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei ou que non finalizaran o seu contrato antes do día 1 de setembro de 2025, poderán optar entre participar nesta convocatoria ou na do ano 2026, de ser convocada. A participación nesta convocatoria impide participar na do ano 2026, de ser convocada.

4. O contrato deberá desenvolverse na mesma entidade e pola mesma área na que a persoa contratada desenvolveu o seu contrato da etapa inicial de formación posdoutoral. Non se autorizarán cambios de praza e área durante a vixencia do contrato, agás por circunstancias sobrevidas de forza maior.

Artigo 3. Número, duración e importe das axudas

Convócanse 24 axudas (20 para as universidades do SUG e 4 no resto de entidades beneficiarias), dun máximo de tres anos, que se desenvolverán nas datas que se indiquen na resolución de adxudicación, que terá que ser a partir do 1 de setembro de 2025 ata a data que corresponda segundo a sinatura dos contratos das persoas seleccionadas, por un importe total máximo de 49.950 euros anuais cada unha delas, de acordo coa seguinte desagregación:

a) Un total de 38.950 euros anuais, incluíndo neste importe a retribución bruta anual e o pagamento dos custos sociais.

b) Unha axuda complementaria por cada persoa contratada para o establecemento dunha liña propia de investigación, denominado «Complemento liña», coa seguinte desagregación por anualidades: 3.000 euros no ano 2025, 10.000 euros no 2026, 10.000 euros no 2027 e 7.000 euros no 2028.

Para que estes contratos sexan financiados será preciso que as persoas contratadas permanezan un mínimo de tres meses no programa.

c) Un complemento a cada unha das entidades beneficiarias que se establece en 1.000 euros anuais, denominado «Complemento entidades», por cada persoa contratada con cargo a estas axudas para cubrir os gastos asociados á contratación.

No caso de que, por causa dunha renuncia antes do día establecido no artigo 19.2, se produza unha nova adxudicación procedente das listas de agarda, o complemento indicado neste número pasará a formar parte do orzamento concedido á entidade beneficiaria da nova axuda.

d) En aplicación do artigo 22.1, letra g) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, á finalización do contrato por expiración do tempo convindo, a persoa traballadora terá dereito a percibir unha indemnización de contía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada no artigo 49 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. Para cubrir o custo da indemnización ao remate do contrato, incluírase unha axuda total de 3.850,00 euros.

Se a entidade beneficiaria formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada deberá achegar a diferenza.

En ningún caso lle serán exixibles á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou á Axencia Galega de Innovación máis obrigas que o cumprimento das condicións da subvención ou axuda nos termos sinalados nesta convocatoria.

Artigo 4. Conceptos subvencionables

1. Os importes das axudas só poderán ir destinados ao financiamento das actividades necesarias para o desenvolvemento desta convocatoria.

Os gastos que se consideran elixibles, asociados á creación dunha liña de investigación propia, son os seguintes:

a) Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar. Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación sempre que non estean vinculados funcional ou estatutariamente coa entidade que o contrate. Esta contratación non creará ningún compromiso en canto a súa posterior incorporación á entidade beneficiaria. Inclúese o custo de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de xestión, así como o cofinanciamento das persoas contratadas ao abeiro de convocatorias competitivas dos programas estatais de recursos humanos.

A contratación deste persoal investigador ou auxiliar poderá financiarse con outras axudas, pero soamente poderán imputarse a esta convocatoria os custos non cubertos polas ditas axudas. De

acordo coa normativa aplicable, o financiamento deste gasto en concorrencia con outras axudas, ingresos e recursos, non poderá superar o custo da súa contratación.

b) Pequeno equipamento inventariable e material funxible (ordenadores, tablets,...). Non se considerarán elixibles os teléfonos móbiles.

c) Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas. Non se considerarán elixibles os gastos derivados da realización de publicacións científicas.

d) Viaxes e axudas de custo para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda concedida anualmente.

e) Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

f) Gastos de servizos tecnolóxicos externos.

g) Gastos de auditoría.

h) Custos indirectos ou gastos xerais que regulamentariamente exigen as entidades á persoa contratada, que non superarán o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente.

2. No caso de modificacións nos gastos elixibles da liña de investigación propia:

a) Cando non se altere o importe total anual da axuda e sempre que estes cambios non atinxan ás epígrafes d) e h) do apartado 1 deste artigo, soamente será obrigatorio que as entidades beneficiarias remitan un breve informe destes cambios.

b) Para o resto dos casos será precisa a petición de modificación dos orzamentos.

En calquera dos supostos citados nos apartados anteriores, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación correspondente ante a Secretaría Xeral de Universidades ou a Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda, de acordo co establecido no artigo 8 destas bases.

Artigo 5. Forma e lugar de presentación de solicitudes

1. As entidades solicitantes presentarán as solicitudes de maneira individualizada para cada unha das persoas candidatas propostas. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados ED481D (anexo I), no caso das universidades do SUG, e IN606C (anexo I bis) no caso das demais entidades, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (en adiante, DOG). Este prazo de solicitude é común para os dous procedementos.

Así mesmo, será necesaria a sinatura electrónica con certificados recoñecidos ou cualificados dos documentos que deban asinar as persoas representantes das entidades solicitantes e as persoas candidatas propostas.

4. Cada persoa soamente poderá ser presentada como candidata por unha única entidade beneficiaria e sempre e cando cumpra os requisitos exixidos.

5. De presentarse máis dunha solicitude da mesma entidade para unha mesma persoa candidata terase en conta a última solicitude presentada e considerarase que se desiste das outras.

6. Como se trata dun procedemento de concorrência competitiva non se admitirán melloras da solicitude referidas a novos méritos transcorrido o prazo de presentación destas. A valoración e priorización das solicitudes levaranse a cabo exclusivamente en relación coa información e documentación achegada nestas, nas melloras realizadas en prazo e en resposta aos requirimentos oportunos ou ás situacións ou méritos non acreditados suficientemente que se indicarán nas listas de solicitudes admitidas e excluídas.

Artigo 6. Documentación complementaria

1. As entidades e persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

a) Declaración responsable da persoa candidata a ser destinataria da axuda segundo o anexo II, na que se fagan constar os seguintes aspectos:

- Que acepta ser presentada como candidata ás axudas, indicando que se presenta por unha única entidade solicitante no ámbito desta convocatoria.

- A rama de coñecemento e a área temática ás cales se adscribe

- A declaración opcional do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade, para os casos de desempate.

- Que se compromete a manterse en contacto coa entidade beneficiaria destas axudas e, no seu caso, coa Administración concedente, unha vez rematado o período da axuda con fins estatísticos.

b) Documento asinado pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación ou equivalente aceptando á persoa candidata a ser destinataria da axuda no seo do equipo de traballo (anexo III).

c) Documento asinado pola persoa directora do departamento, unidade de traballo ou equivalente, en que manifesta a súa conformidade para a integración no seu departamento, unidade de traballo ou equivalente da persoa candidata a ser destinataria da axuda. O arquivo denominarase Anexo IV.

d) Plan de traballo das actividades académico-investigadoras que propón realizar durante o período de contrato, con especial referencia á liña propia de investigación que se pretende establecer, cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado pola persoa candidata. O arquivo denominarase Plan de traballo. O orzamento da liña propia de investigación non poderá estar integrado neste documento e deberá aterse ao especificado nos dous parágrafos seguintes.

e) O orzamento da liña propia de investigación deberá cumprir coas limitacións establecidas nas letras d) e h) do artigo 4.1 respecto das viaxes e axudas de custo para a actividade obxecto da axuda e respecto dos custos indirectos ou gastos xerais. Ademais, deberá adecuarse ás epígrafes de gastos establecidas polo citado artigo 4.1 e estar desagregado por anualidades.

O cadro co orzamento da liña propia de investigación deberá presentarse nun arquivo aparte co formato .ods da aplicación *Calc* da suite ofimática *LibreOffice*. Publicarase na sección da web correspondente a estas axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e na da Axencia Galega de Innovación un modelo deste cadro orzamentario. Este cadro deberá, ademais, presentarse en formato PDF asinado pola persoa candidata. Os arquivos denominaranse Orzamento.

f) Currículo (CV) da persoa candidata a ser destinataria da axuda, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>. O arquivo denominarase Currículo - CV.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CV na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

g) Un arquivo PDF precedido dun índice no que, en relación ao CV citado no apartado anterior, se acheguen os documentos dos méritos que se queiran alegar, así como os enlaces ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos ou calquera outra cuestión que se considere oportuna. Para os efectos do proceso de avaliación, soamente se valorará aquela información indicada no CV que teña correspondencia cos documentos ou enlaces achegados neste arquivo. O arquivo denominarase Índice-méritos.

Durante calquera momento do procedemento a Secretaría Xeral de Universidades ou a Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda, poderán solicitar ás entidades beneficiarias os comprobantes dos méritos alegados.

h) Memoria asinada pola persoa candidata relativa á actividade investigadora desenvolvida nos anos nos que foi contratada na etapa inicial de formación posdoutoral, cunha extensión de 2.000-3.000 palabras. Nesta memoria deberase facer fincapé expreso nos seguintes aspectos:

h.1. Achegas en forma de artigos orixinais, libros ou capítulos de libro, sobre todo naquelas achegas nas que a persoa candidata sexa responsable do traballo ou principal executora. Deberase facer unha breve recensión (de non máis de 500 palabras) da relevancia das achegas deste punto.

h.2. Actividade da persoa candidata no seo de grupos de investigación, liñas de traballo e/ou obtención de financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou de entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando, ademais, o seu grao de participación nestas accións.

h.3. Patentes rexistradas, indicando as que están en explotación, e destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo Tratado de cooperación de patentes (PCT).

h.4. Actividade formativa da persoa candidata, especialmente a relacionada coa formación de doutoras e doutores e a dirección de teses de doutoramento.

O arquivo denominarase Memoria.

i) Certificado da entidade solicitante en que se faga constar que a persoa candidata foi contratada ao abeiro do programa de formación posdoutoral da convocatoria de 2022 e que non renunciou ao contrato antes da data de finalización prevista; ou que foi contratada a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2019 ou 2021, que tivo unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei, que finalizou o contrato e que non se presentou a convocatoria ningunha das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral

O arquivo denominarase Certificado contrato.

j) Certificación que acredite os permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, parto ou lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso no traballo no período comprendido entre os 5 anos anteriores á data de lectura da tese e a data de peche de presentación de solicitudes, se é o caso, para a aplicación do factor de corrección que se indica no artigo 11.3. O arquivo ou cartafol comprimido denominarase Permisos.

Para os efectos de control, as entidades convocantes poderán requirir a documentación complementaria que consideren necesaria para o desenvolvemento das axudas. Esta documentación a achegar é a mesma para os dous procedementos.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma

indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Comprobación de datos

1. Para a tramitación destes dous procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa candidata á axuda.

c) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria referido á entidade solicitante.

d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social referido á entidade solicitante.

e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma da entidade solicitante.

f) Informe de vida laboral da persoa candidata.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as entidades solicitantes deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da entidade solicitante dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, obrigatoriamente a través do procedemento ED481D ou IN606C e por cada expediente.

Artigo 9. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades para as solicitudes presentadas por unha universidade do SUG e á Axencia Galega de Innovación para as restantes solicitudes.

2. Para este fin comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas da exclusión, na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.gal> (na epígrafe da Secretaría Xeral de Universidades) e <http://gain.xunta.gal>.

3. Estas listas estarán expostas por un período de 10 días naturais e durante este prazo as entidades solicitantes poderán formular reclamacións para emendar erros ou falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou ante a dirección da Axencia Galega de Innovación, nos demais casos, para o cal presentarán a documentación oportuna. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas da exclusión, considerarase que a entidade solicitante desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse a entidade solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución dos procedementos.

4. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, as persoas titulares da Secretaría Xeral de Universidades e da dirección da Axencia Galega de Innovación ditarán unha resolución pola que se aproban as listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas, que se publicarán na internet nos enderezos <http://www.edu.xunta.gal> e <http://gain.xunta.gal>.

5. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no caso de solicitudes do SUG, ou ante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación, nos demais casos, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de inadmisión da solicitude presentada, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Artigo 10. *Criterios de valoración*

1. Os criterios e o baremo que rexerán no proceso de avaliación e selección serán os seguintes:

Criterio	Puntuación máx.
1. Plan de traballo que a persoa candidata propón realizar durante o período de contrato.	40
2. CV da persoa candidata, indicando as melloras durante o programa posdoutoral.	30
3. Capacidade da persoa para liderar unha liña de investigación: potencialidade da persoa candidata para o liderado de grupos de investigación, establecemento dunha liña propia de traballo e obtención de financiamento en convocatorias públicas competitivas.	30

2. Para garantir a calidade das propostas presentadas será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 75 puntos para poder obter a axuda.

Artigo 11. *Avaliación e selección*

1. A avaliación e selección realizarase, para cada rama de coñecemento e área temática sinaladas nas solicitudes, segundo as valoracións feitas por un equipo avaliador que estará formado por persoas expertas de fóra do SUG, que poderá contar coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e a partir da documentación indicada no artigo 6.

2. O equipo avaliador outorgará a puntuación correspondente a cada persoa candidata de acordo cos criterios que se recollen no artigo 10 e será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 75 puntos para obter a axuda.

3. Co fin de dar cumprimento do artigo 51 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, no caso das persoas candidatas que acrediten que desfrutaron de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, parto ou lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo no período comprendido entre os cinco anos anteriores á data de lectura da tese e a data de peche de presentación de solicitudes, a puntuación obtida na avaliación incrementarase co resultado de aplicar o seguinte factor de corrección á puntuación obtida no criterio 2 do artigo 10.1, que é o que recolle os méritos de investigación das persoas candidatas, tomando como ano de inicio do cómputo para os efectos desta orde cinco anos antes da data de defensa da tese de doutoramento:

$(b/a) \times \text{puntuación obtida no criterio 2 do artigo 10.1}$

Onde:

a) Período de actividade investigadora: medirase tendo en conta o período comprendido entre os cinco anos anteriores á data de lectura da tese de doutoramento e o momento de peche da convocatoria, expresado en meses e redondeando á alza as fraccións do último mes incompleto.

b) Período de inactividade investigadora: será a suma dos períodos dos permisos e/ou da incapacidade temporal que se acrediten polos motivos descritos neste artigo. O número de meses de inactividade será o resultado de dividir o número de días destes períodos entre 30, redondeando á alza a última fracción de mes incompleto.

4. Os resultados desta avaliación faranse chegar á Comisión de Selección, que elaborará un informe para os órganos instrutores en función dos criterios establecidos nesta convocatoria e da dispoñibilidade de recursos.

5. A Comisión de Selección estará constituída por cinco membros:

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Secretaría Xeral de Universidades ou persoa na que delegue, ou a persoa titular da Dirección da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación ou persoa na que delegue, que actuará como presidenta ou presidente da comisión.

Serán vogais da comisión:

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Universidades da Secretaría Xeral de Universidades, ou persoa na que delegue.

– Unha directora ou un director de área da Axencia Galega de Innovación ou persoa na que delegue.

– Unha xefa ou un xefe de servizo da Secretaría Xeral de Universidades.

– Unha xefa ou un xefe de servizo da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará como secretaria ou secretario da comisión.

6. No informe da Comisión de Selección figurarán de xeito individualizado as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios establecidos no artigo 10.

7. Complementariamente, a Comisión de Selección incluírá no informe un total de dúas listas de agarda (unha por cada órgano instrutor), nas cales figurarán, por orde decrecente de puntuación, as solicitudes que non acaden a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñan unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola Comisión de Selección. Cada

unha das listas estará formada por un número equivalente ao 50 % das axudas concedidas para cada órgano instrutor, sempre que o número de solicitudes presentadas o permita e que superen a avaliación.

8. En caso de igualdade de puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

1º. Prevalecerán as mulleres sobre os homes.

2º. A solicitude da persoa candidata que obteña maior puntuación na valoración do plan de traballo (criterio 1 do artigo 10.1).

3º. A solicitude da persoa candidata que se comprometese a utilizar a lingua galega na memoria final da actividade.

4ª A persoa candidata que obtivese antes o título de doutoramento.

9. A proposta de concesión elaborada polos órganos instructores a partir do informe da Comisión así como, de ser o caso, as listas de espera para posibles substitucións, publicaranse nos enderezos da internet <http://www.edu.xunta.gal> (na epígrafe da Secretaría Xeral de Universidades) e <http://gain.xunta.gal> da Axencia Galega de Innovación. Esta publicación terá só efectos informativos.

Artigo 12. *Resolución de concesión das axudas*

1. A competencia para resolver estas axudas, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades e á persoa titular da dirección da Axencia Galega de Innovación. Os órganos instructores elevarán a proposta de resolución que incluírá, para cada entidade beneficiaria, a relación de persoas seleccionadas co importe da axuda concedida, as listas de espera, de ser o caso, e a desestimación expresa do resto das solicitudes. Con cargo aos créditos da Secretaría Xeral de Universidades financiaranse as axudas correspondentes ás universidades do SUG e a Axencia Galega de Innovación asumirá o financiamento das restantes entidades.

2. A resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://edu.xunta.gal>) e da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), pola cal se entenderán notificadas para todos os efectos as persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e

Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación nos restantes casos, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

4. A resolución publicarase no prazo máximo de cinco meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 13. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Aceptación da axuda

1. Unha vez asinada a resolución, as entidades beneficiarias deberán remitir á Secretaría Xeral de Universidades ou á Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda, un escrito de aceptación da axuda no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

2. Nos contratos deberá facerse referencia expresa:

a) Ao seu financiamento con cargo ás axudas para completar a etapa de formación posdoutoral da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou da Axencia Galega de Innovación, segundo o caso.

b) Á data de incorporación efectiva da persoa contratada ao seu posto de traballo.

c) Á retribución bruta anual, ao lugar de prestación do servizo e á duración do contrato, que deberá ser con dedicación a tempo completo.

3. A data límite para a sinatura dos contratos será o día 1 de setembro de 2025. A non formalización do contrato dentro do prazo previsto considerarase unha renuncia tácita á axuda.

Artigo 15. Libramento da subvención

1. As entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa de aplicación e serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

2. Poderán realizarse pagamentos a conta das subvencións recollidas nesta resolución, que non superarán o 80% da axuda concedida, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os beneficiarios regulados no artigo 2.1 da axuda están exonerados de aportar garantías segundo o artigo 65.4 do Decreto 11/2009.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

3. Para proceder ao libramento da axuda correspondente aos contratos e os seus custos sociais será preciso que a entidade correspondente remita a copia dos contratos asinados no prazo dun mes contado desde a súa sinatura e a xustificación da axuda nos termos que a continuación se indican:

a) Declaración responsable do órgano responsable de control da entidade de que a persoa investigadora ten dedicación exclusiva ao programa e á actividade.

b) Certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante o período da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, de acordo co artigo 27 da Lei 12/2014, do 22 de decembro (DOG núm. 249, do 30 de decembro), de medidas fiscais e administrativas.

No caso das entidades beneficiarias ás cales non lles sexa de aplicación o artigo 27 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa aplicable.

Só se terá en conta aquela documentación relativa ás persoas contratadas que permanecesen no programa un mínimo de tres meses, quedando sen ningún tipo de compromiso retributivo para aquelas que non acaden este período.

c) Certificación, debidamente actualizada, acreditativa de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social e no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a entidade solicitante se opoña a que o órgano xestor solicite as certificacións que deban emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Axencia Tributaria de Galicia.

d) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

e) No seu caso, actualización dos datos de contacto das persoas contratadas.

4. A documentación indicada achegarase consonte a seguinte periodización:

Período de xustificación	Data límite de presentación
1ª xustificación: mes de setembro de 2025. Con esta xustificación libraranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e os complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao período a xustificar.	15 de novembro de 2025

Período de xustificación	Data límite de presentación
2ª xustificación: de outubro de 2025 a setembro de 2026, ambos os meses incluídos. Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e os complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao período a xustificar.	15 de novembro de 2026
3ª xustificación: de outubro de 2026 a setembro de 2027, ambos os meses incluídos. Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e os complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao período a xustificar.	15 de novembro de 2027
4ª xustificación: de outubro de 2027 ata a finalización dos contratos coa data límite do 30 de setembro de 2028, día incluído. Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao período a xustificar. Coa xustificación da última anualidade aboarase a indemnización por expiración do tempo convido no contrato, segundo indica o artigo 3 destas bases.	15 de novembro de 2028

Cando os contratos subvencionados vaian máis aló da 4ª xustificación, por ser concedida a axuda en segunda resolución ou por causa das suspensións e prórrogas recollidas no artigo 19.3 destas bases, os gastos correspondentes ás nóminas, á Seguridade Social e ás indemnizacións por fin de contrato xustificaranse coa data límite do 15 de novembro da correspondente anualidade que se xustifique. Nestes casos, a anualidade que se xustifique comprenderá o período que vai desde o mes de outubro do ano anterior ata o mes de setembro da anualidade corrente

5. Para os casos de meses incompletos, o cálculo do importe correspondente a esa fracción de mes realizarase dividindo o importe máximo anual entre 360 días e multiplicando o resultado polo número de días traballados nese mes.

6. Para a xustificación da axuda para o desenvolvemento da liña de investigación, a data límite para achegar a documentación correspondente é o 30 de novembro de cada anualidade e terá que incluír os seguintes documentos:

a) Certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante o período da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, de acordo co artigo 27 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Así mesmo, o órgano competente en materia de control da entidade beneficiaria acreditará que o gasto realizado corresponde exclusivamente a conceptos subvencionables enumerados no artigo 4 desta convocatoria.

b) Conta xustificativa de acordo co establecido no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso das entidades beneficiarias ás que non lles sexa de aplicación o artigo 27 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A conta xustificativa terá o seguinte contido:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, segundo o establecido no artigo 48.1 do citado regulamento.

- Memoria económica que conterá unha relación detallada dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas, debidamente agrupados por conceptos de gasto con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

c) Informe de auditor/a inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores/as de Contas, que deberá manifestarse sobre os conceptos, período de realización e pagamento dos gastos presentados nesa anualidade. O informe de auditoría axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos/as auditores/as de contas na realización dos traballos de revisión das contas xustificativas de subvencións.

d) Declaración da persoa investigadora na que se recolla a relación do persoal que forma parte do seu equipo de investigación, de ser o caso e de sufrir algunha variación.

e) Certificación, debidamente actualizada, acreditativa de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social e no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a entidade solicitante se opoña a que o órgano xestor solicite as certificacións que deban emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Axencia Tributaria de Galicia.

f) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Os investimentos e pagamentos que se efectúen desde o 1 de decembro da anualidade corrente poderán presentarse como xustificante da anualidade seguinte. No caso dos custos de contratación de persoal investigador ou auxiliar, os pagamentos das nóminas, seguridade social e IRPF dos meses de outubro e novembro de cada anualidade poderán presentarse como xustificantes para o cobramento da anualidade seguinte.

Considérase gasto realizado aquel que efectivamente se pagase con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun

momento posterior para axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou as cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación.

En referencia ao desenvolvemento da liña de investigación propia, cando os contratos subvencionados vaian máis aló da 4ª xustificación, por ser concedida a axuda en segunda resolución ou por causa das suspensións e prórrogas recollidas no artigo 19.3 destas bases, os gastos correspondentes xustificaranse coa data límite do 30 de novembro da correspondente anualidade a xustificar.

7. Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

8. Ademais, coa última xustificación, a entidade beneficiaria presentará:

a) Unha copia da vida laboral de cada persoa contratada durante o período de permanencia no programa, no caso de que se opoña á súa consulta. No caso de que a persoa contratada renunciase antes do remate do seu contrato, esta documentación presentarase transcorrido un mes desde a súa renuncia.

b) Unha memoria final da actividade, de aproximadamente 2.000 palabras, na cal se describa o traballo realizado durante a duración do programa. O prazo para a súa presentación será dun mes desde a extinción do contrato de traballo. As persoas que abandonen o programa antes da finalización do contrato deberán presentar unha memoria da actividade desenvolvida durante o tempo que permaneceron nel, no prazo dun mes desde que se produza a extinción da relación contractual.

c) No caso de expiración do tempo convido para o contrato de traballo asinado de acordo co indicado no artigo 14 destas bases, deberá achegarse xustificación económica do custo da indemnización e o seu pagamento xunto aos xustificantes correspondentes.

Artigo 16. Réxime de compatibilidade

As entidades beneficiarias poderán compatibilizar as axudas reguladas nesta orde con outras axudas ou subvencións financiadas con fondos públicos ou privados que teñan unha finalidade análoga. De acordo coa normativa aplicable o importe das axudas concedidas, illadamente ou en

concorrenza con outras axudas, ingresos e recursos, non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Artigo 17. Modificación da resolución de concesión de axudas

Poderase modificar a resolución de concesión da axuda, tal como se especifica no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, pola obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais. Por iso, cando a entidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral de Universidades ou da Axencia Galega de Innovación, segundo sexa o caso.

Artigo 18. Resolución, incumprimento, reintegros e sancións

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga da entidade beneficiaria de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de mora correspondentes. En particular, acordarase a perda do dereito á axuda e o seu posible reintegro total ou parcial cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Obtención da axuda sen reunir as condicións e requisitos solicitados ou con alteración destes.
- b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou documento que acompañe á solicitude, as declaracións responsables e a documentación ou xustificacións achegadas segundo regula a orde.

Se concorren as circunstancias da letra b) poderá inadmitirse a solicitude de seren apreciadas antes da resolución de concesión da axuda.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19. Renuncia ás axudas, novas incorporacións e interrupcións

1. No caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicar a renuncia, mediante escrito motivado da persoa seleccionada, dirixido á Secretaría Xeral de Universidades ou á Axencia Galega de Innovación (segundo sexa o caso), nun prazo mínimo de 15 días naturais antes de que se produza. Deberase acompañar dun informe da entidade beneficiaria indicando se a persoa contratada desenvolveu unha actividade satisfactoria que permitise o seu perfeccionamento e especialización profesional durante a permanencia no programa.

2. Poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de tres meses a partir da data de publicación da resolución de concesión. Para cubrir as renuncias seguirase a prelación das listas de espera definidas no artigo 11, tendo en conta que soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera do órgano instructor na que se produzan. A persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo do aproveitamento da axuda.

A competencia para adxudicar unha nova axuda correspóndelle, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, ou por delegación da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, á persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación, segundo que as novas incorporacións procedan da lista de espera da Secretaría Xeral de Universidades ou da Axencia Galega de Innovación, respectivamente.

3. As entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo da suspensión dos contratos financiados cando estas suspensións se produzan polas seguintes causas:

a) Nacemento.

b) Adopción.

c) Garda con fins de adopción ou acollemento.

d) Risco durante o embarazo.

e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.

f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.

g) Incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior por un período mínimo dun mes.

h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual.

i) E nos demais casos recollidos no artigo 22.1.d), parágrafos catro e cinco, da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

4. Cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, no prazo de dez días hábiles desde que esa baixa se produza. No momento da reincorporación da persoa investigadora á actividade laboral, a entidade beneficiaria deberá achegar un informe onde se expresen o nome da persoa afectada, o seu número de expediente, as causas da suspensión, as datas da suspensión e as datas da prórroga do contrato.

5. A interrupción e a prórroga ás cales se fai referencia no parágrafo anterior deberán ser autorizadas polo órgano instructor correspondente, que poderá solicitar os informes que considere oportunos. A entidade beneficiaria correspondente deberá achegar o contrato ou o documento xustificativo da prórroga que cubra o dito período, no prazo dun mes desde a súa sinatura.

6. Cando se autorice a interrupción e a prórroga, non se considerarán subvencionables os gastos derivados da contratación nos que poida incurrir a entidade beneficiaria (retribución salarial e cota patronal da Seguridade Social) durante o tempo da interrupción, polo que non se deben incluír nas certificacións de xustificación económica. A duración do contrato verase ampliada por un período idéntico ao da interrupción para os efectos previstos nesta convocatoria.

7. A autorización de interrupción e de prórroga da axuda en ningún caso supón un aumento da contía da axuda concedida inicialmente. Calquera incremento no pagamento da cota patronal da seguridade social como consecuencia do período prolongado será por conta da entidade contratante.

Artigo 20. Dereitos e obrigas

1. Son obrigas xerais da entidade contratante, sen prexuízo das derivadas da relación laboral que se estableza:

a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e manter de forma separada na contabilidade os ingresos da axuda percibida, así como os custos directos de persoal, e conservar toda a documentación relativa á subvención e ás persoas participantes durante un período de tres anos.

b) Formalizar un contrato de traballo de duración determinada con dedicación a tempo completo coa persoa candidata seleccionada, de acordo coa lexislación vixente.

c) Proporcionarlles ás persoas candidatas seleccionadas o apoio necesario e facilitarlle a utilización dos medios, instrumentos ou equipamentos que resultan precisos para o normal desenvolvemento da súa actividade.

d) Permitirlles ás persoas candidatas seleccionadas a súa integración naqueles departamentos nos que leven a cabo o seu labor. Os centros onde se integren estarán obrigados a garantirlles os dereitos e prestacións que ten o persoal do centro de similar categoría co obxecto de que cumpran as súas obrigas.

e) Cumprir coas obrigas en materia de igualdade de xénero establecidas no marco normativo en vigor que lles sexa de aplicación e, moi especialmente, aquelas incluídas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

f) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco do seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. Para estes efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (*ex post*), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

2. O persoal investigador contratado ao abeiro destas axudas poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes relacionadas coa actividade de investigación proposta, ata un máximo de 100 horas anuais, por pedimento propio e coa aprobación da súa entidade, respectando en todo caso a normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

3. As persoas contratadas mediante estas axudas teñen os seguintes dereitos e obrigas:

a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.

b) Aterse ao réxime interno ou de funcionamento da institución na que desenvolva as súas actividades, especialmente no relativo ás condicións de traballo e normas de prevención de riscos laborais.

c) Poderán recibir bolsas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que van realizar segundo o seu proxecto (asistencia a reunións, congresos, seminarios e cursos de especialización).

d) Presentar a memoria final da actividade a que se fai referencia no artigo 15.8.b) da convocatoria.

e) Manterse en contacto coa entidade beneficiaria destas axudas e, no seu caso, coa Administración concedente, unha vez rematado o período da axuda con fins estatísticos.

4. As entidades beneficiarias e as persoas contratadas teñen como obriga específica de publicidade adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007. En concreto, as entidades beneficiarias das axudas, así como as persoas contratadas con cargo a elas, deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia. Para isto, nas accións de difusión, así como nos resultados da produción científica e calquera outra acción que se realice ao abeiro destas axudas, deberá figurar expresamente o cofinanciamento das actuacións con fondos do Programa de axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou da Axencia Galega de Innovación, segundo sexa o caso), que irá acompañado, sempre que sexa posible, do escudo normalizado da Xunta de Galicia.

Artigo 21. Control

1. A Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación poderán realizar as actividades de inspección que consideren oportunas para controlar o cumprimento das subvencións. Así mesmo, poderán solicitar un informe ás entidades beneficiarias sobre a execución das axudas e o seu impacto, en particular, sobre as persoas contratadas mediante un seguimento destas durante os seis meses posteriores á finalización do contrato, que permita constatar cal é a súa situación laboral.

2. No último ano, as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida. O proceso de avaliación será realizado por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, que poderá contar coa colaboración da ACSUG, a partir da documentación que lles será requirida ás persoas contratadas.

3. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros organismos que teñan atribuídas facultades de control sobre estes fondos.

Artigo 22. Dotación orzamentaria

1. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de

2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, e a súa eficacia queda condicionada a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión. para o que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobados polo Parlamento de Galicia.

2. As axudas imputaranse ás aplicacións orzamentarias 07.02.561B.444.0, 07.02.561B.744.0, 07.A2.561A.403.0, 07.A2.561A.703.0, 07.A2.561A.481.0 e 07.A2.561A.781.0 correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, coa seguinte distribución por anos:

Entidade beneficiaria	Núm. axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)				
			2025	2026	2027	2028	Total
Universidades do SUG	20	07.02.561B.444.0	84.916,60	799.000,00	799.000,00	791.083,40	2.474.000,00
Universidades do SUG		07.02.561B.744.0	60.000,00	200.000,00	200.000,00	140.000,00	600.000,00
Total universidades do SUG			144.916,60	999.000,00	999.000,00	931.083,40	3.074.000,00
Outras entidades	2	07.A2.561A.403.0	8.491,66	79.900,00	79.900,00	79.108,34	247.400,00
		07.A2.561A.703.0	6.000,0	20.000,00	20.000,00	14.000,00	60.000,00
Outras entidades	2	07.A2.561A.481.0	8.491,66	79.900,00	79.900,00	79.108,34	247.400,00
		07.A2.561A.781.0	6.000,0	20.000,00	20.000,00	14.000,00	60.000,00
Total outras entidades			28.983,32	199.800,00	199.800,00	186.216,68	614.800,00
Total convocatoria			173.899,92	1.198.800,00	1.198.800,00	1.117.300,08	3.688.800,00

3. En relación ao financiamento destas axudas:

a) A Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional só financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG, as cales se imputarán ao plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026.

b) A Axencia Galega de Innovación financiará as demais entidades do artigo 2, todas elas de natureza pública.

4. No caso da Axencia Galega de Innovación a distribución de fondos e as aplicacións orzamentarias sinaladas son unha previsión que, de acordo co artigo 31 do Regulamento de subvencións de Galicia, se deberá axustar tras a valoración das solicitudes para adecuarse á proposta elaborada pola Comisión de Selección. Será posible incluso a incorporación de novas

aplicacións sen incrementar o crédito total, tendo en conta a natureza xurídica das entidades beneficiarias.

Neste senso, o financiamento previsto nesta Orde de convocatoria para os organismos públicos de investigación e as fundacións de investigación sanitaria de Galicia impútase, de forma xenérica, ás aplicacións orzamentarias 07.A2.561A.481.0 e 07.A2.561A.781.0, pero unha vez elaborada a proposta de concesión por parte da Comisión de Selección, para a tramitación dos documentos contables correspondentes, as aplicacións orzamentarias adecuaranse á natureza xurídica das entidades que figuren como seleccionadas na dita proposta.

5. De acordo co disposto no apartado 2.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2022/C 414/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, non se aplicará o disposto no artigo 107-1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas nesta orde, que se outorgarán a organismos de investigación para actividades non económicas. As entidades beneficiarias que, ademais de actividades non económicas, realicen tamén actividades económicas, deberán consignar por separado o financiamento, os custos e os ingresos respectivos.

6. Cando o organismo de investigación realice case exclusivamente actividades non económicas, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que as súas actividades económicas sexan puramente accesorias; é dicir, que correspondan a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou estea estreitamente vinculada o seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

7. Considerarase que isto se produce cando as actividades económicas consumen exactamente os mesmos insumos (como material, equipamento, man de obra e capital fixo) que as actividades non económicas e a capacidade asignada cada ano a estas actividades económicas non supera o 20 % da capacidade anual total da entidade de que se trate.

Artigo 23. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas seu artigo 3.1, á que se atopen

vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición derradeira primeira. *Remisión normativa*

A presente orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Disposición derradeira segunda. *Recursos*

Contra esta orde poderase recorrer mediante un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades
e Formación Profesional
P.D. (Orde do 05.06.2024)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de
Educación, Ciencia, Universidades e Formación
Profesional

INSÍRASE NO DOG

O Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Vila López